DEPARTAMENTO DE HISTORIA

# A Université Rennes-2 concede o seu grao de doutor honoris causa ao catedrático Ramón Villares Paz

O membro e fundador do Grupo HISTAGRA, o Catedrático Ramón Villares Paz foille outorgado o doutorado Honoris causa pola Université Rennes-2 da Alta Bretaña francesa



A Université Rennes-2 concedeulle o seu grao de doutor *honoris causa* ao catedrático de Historia Contemporánea Ramón Villares Paz, distinción académica que a institución francesa outorga a "personalidades de mérito eminente, que se destaquen nos dominios da ciencia, da educación e da cultura, posuidores dun currículo de gran proxección internacional". Ramón Villares será investido nun acto solemne o vindeiro 7 de marzo, cando pronunciará unha lección que versará sobre a "Betraña na cultura galega". Esta distinción súamse ás concedidas pola Universidad de Buenos Aires en 1992 e a Universidade do Minho en 2015.

Ramón Villares é catedrático de Historia Contemporánea da USC dende 1987 e experto en historia agraria, historiografía e historia xeral de Galicia. Reitor da Universidade de Santiago entre 1990 e 1994, actualmente é o presidente do Consello da Cultura Galega dende 2006. Con anterioridade foi decano da Facultade de Xeografía e Historia (1986-1990) e membro fundador e presidente da Asociación Española de Historia Contemporánea, así como director en Galicia da (UIMP) e consultor externo de centros de investigación de renome internacional.

**Ligazóns de interese:**

http://imaisd.usc.es/

Patrocina:

UNIÃO EUROPEIA
Fundo Europeu de Desenvolvimento Regional